

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIÓNS NÚMERO 468/2016.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 846/2015, do 23 de decembro, e

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **11 de agosto de 2016 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 28 de xullo de 2016.
- 2.- Solicitud de licenza municipal de obras de consolidación e mantemento de inmovible sito no lugar de Escravitude nº 8, formulada por don Manuel Turnes Oliveira. Expediente 160/2015/LU.
- 3.- Comunicación previa de obras de peche frontal e lateral de finca sita no lugar de Agra de Abaixo nº 86-B, Extramundi, formulada por don José Luís Castro Rodríguez. Expediente 105/2016/CP.
- 4.- Ocupación de vía pública con instalación de estadas para execución de obras na praza de Ramón Tojo esquina Rosalía de Castro, formulada por Míguez y Núñez SL. Expediente ocupación de vía pública 3/2016/OVP.
- 5.- Ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos solicitada por don David Bralo Rodríguez para a entrada a un garaxe da súa propiedade situado no nº 24 da avenida da Estación.
- 6.- Solicitud de concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade motórica a favor de don José Luís Sánchez Vaamonde.
- 7.- Aprobación de facturas e gastos.
- 8.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola Intervención Municipal.
- 9.- Ordenación de pagos nº 15/2016.
- 10.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción e dieta do monitor deportivo don Francisco Vázquez Fernández.
- 11.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción e dieta do monitor deportivo don Roberto Martínez Cortizo.
- 12.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción e dieta do monitor deportivo don Gonzalo Rodríguez Muiños.
- 13.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción e dietas do técnico de turismo.
- 14.- Gastos de locomoción da Animadora social dona M^a Cruz Taboada Álvarez.
- 15.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción do corporativo don José Ramón Pardo Andrade.
- 16.- Aprobación do curso "Intelixencia emocional e educación".
- 17.- Aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e

conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e coeficiente de vertedura e saneamento correspondente ao segundo trimestre do 2016 (abril a xuño).

18.- Xustificación do pago a xustificar concedido á traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a traballadora social dona Purificación Regueira Vázquez.

19.- Xustificación do pago a xustificar concedido á concelleira delegada de cultura, dona Lorena Couso Dopazo, para atender a gastos ocasionados polo aluguer dunha furgoneta para o traslado de instrumentos musicais e os peaxes da autoestrada.

20.- Renovación do contrato do seguro que cubre as consecuencias económicas dos accidentes e enfermidades que poida sufrir o persoal que presta servizos no Concello de Padrón.

21.- Aprobación das bases reguladoras da convocatoria para a concesión de axudas para gastos de transporte durante o curso académico 2015/2016.

22.- Gratificación dona M^a Cruz Taboada Álvarez.

23.- Gratificación extraordinaria a persoal funcionario do corpo da Policía Local de Padrón don Jesús Rey Miguéns

24.- Gratificación extraordinaria a persoal funcionario do corpo da Policía Local de Padrón dona M^a Carmen Chenlo Gómez.

25.- Horas extraordinarias da Psicóloga do CIM dona M^a Mercedes Regos Cea.

26.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 9 de agosto de 2016



O Alcalde en funcións

Asdo. José Ramón Pardo Andrade



Ante min

O Secretario accidental,

Asdo. José Marcelino Rivera Rarís